

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27 DE MAIO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e sete de maio de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as once horas corenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 22 de maio de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN CAMIÑOS DE SAN XOÁN DE CAMBA E A PORTELA”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data maio de 2025, cun importe global de CINCUENTA E DOUS MIL VINTE EUROS

CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (52.020,87 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓	Execución por contrata:	48.363,16 €
✓	Honorarios de proxecto:	1.625,65 €
✓	Honorarios de dirección de obras:	1.625,65 €
✓	Honorarios de coordinación de seguridade e saúde:	406,41 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 26/05/25, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 4 DA OBRA DE “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2023

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 4 correspondente á obra de *“Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme”*, incluída no Plan Concellos 2023, por importe de OITENTA E TRES SEISCENTOS DEZASETE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (83.617,99 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS

S.L.U., por un importe de 83.617,99 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-145 (FACe), de data 26/05/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN FINAL E LIQUIDACIÓN, E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2023

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación final e liquidación correspondente á obra de *“Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme”*, incluída no Plan Concellos 2023, por importe de OITO MIL CENTO CINCUENTA E CINCO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (8.155,13 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 8.155,13 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-146 (FACe), de data 26/05/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 26 de maio de 2025, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da

obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe final da obra asinado pola dirección facultativa en data 23/05/25.

5.- SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O REINVESTIMENTO DA BAIXA DEFINITIVA PRODUCIDA NA XUSTIFICACIÓN DA OBRA DE “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2023

A Deputación de Pontevedra concedeu, por acordo da súa Xunta de Goberno de data 26 de abril de 2024, unha subvención por importe de TRESCENTOS SETENTA E SETE MIL NOVECENTOS DEZ EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (377.910,19 €), ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2023, con destino ao investimento denominado “*Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme*” (expediente núm. XXXXXXXXXX).

O Concello realizou o dito investimento e con data 26/05/25 asinou se a correspondente acta de recepción. A cantidade total xustificada foi de 333.834,86 €.

Produciuse en consecuencia, con cargo á subvención concedida ao abeiro do Plan Concellos 2023, unha baixa por importe de CORENTA E CATRO MIL SETENTA E CINCO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (44.075,33 €).

Considerando conveniente ao interese público a aplicación de dita baixa noutro investimento que redunde en beneficio dos/as veciños/as do Concello, a Xunta de Goberno Local, debidamente informada de canto antecede e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar da Deputación Provincial, de conformidade co previsto na Base décimo novena do referido Plan (BOP núm. 230, do 27/11/21), o reinvestimento da baixa definitiva producida na obra referida, destinándoa ao financiamento íntegro do seguinte novo investimento, de conformidade co proxecto técnico aprobado por este órgano na presente sesión:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
Mellora da capa de rodadura en camiños de San Xoán de Camba e A Portela	52.020,87 €	44.075,33 €	7.945,54 €	0,00 €

Segundo.- Realizar a finalidade obxecto da subvención solicitada, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Terceiro.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (7.945,54 €). O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Quinto.- Solicitar a inclusión, dentro dos gastos de inversión solicitados, dos custes de redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, que precisan dunha contratación externa por insuficiencia de medios do Concello

Sexto.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine a correspondente solicitude e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

6.- APROBACIÓN DE ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE

INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 – PROGRAMA PON2030

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 8 de agosto de 2023, foi aprobado o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE RODEIRO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 – PROGRAMA PON2030.

De conformidade coa base reguladora 7.2.h), asinouse no seu día o correspondente convenio no que se definiron as actuacións obxecto de subvención e establecéronse de maneira pormenorizada os seus deberes.

Posteriormente, o Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 28/02/25, prorrogou os prazos de execución e xustificación dos investimentos acollidos ao dito Programa, polo que resulta preciso aprobar unha addenda ao convenio na que se recollan esas novas determinacións.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación á ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE RODEIRO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 – PROGRAMA PON2030, co contigo íntegro que se sinala no anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas da addenda ao Convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine a addenda ao Convenio e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

ANEXO

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE RODEIRO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA "HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO", NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 – PROGRAMA PON2030

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D. José Luís Camiñas Vázquez, quen actúa no nome e na representación do Concello de Rodeiro, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Na data 23/06/2023 o Pleno da Corporación Provincial adoptou o acordo núm. 4.8011 polo que se aprobou a concesión dunha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Rodeiro, con destino á execución da actuación denominada "HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO", ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.

II. De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa PON2030, o día 20/11/2023 asinouse o correspondente convenio de colaboración entre as dúas administracións. O dito convenio tiña por obxecto definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pomenorizado as obrigas das partes.

III. A cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, establece o seguinte:

"O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 30 de abril de 2025. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 30 de setembro de 2025."

IV. Mediante o acordo núm. 8.8353 do Pleno provincial do 28/02/2025 prorrógase o prazo de execución dos investimentos acollidos no Programa PON2030 ata o 31/03/2026 e o prazo de xustificación dos ditos investimentos ata o 31/08/2026.

V. Por todo o exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha addenda, para adaptar o texto do convenio asinado ás novas condicións establecidas no antedito acordo plenario, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. VIXENCIA

As partes acordan modificar a cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, e quedando redactada do seguinte xeito:

“O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 31 de marzo de 2026. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 31 de agosto de 2026.”

SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

En todo o demais permanecerá invariable o contido do texto do convenio asinado, así como o das anteriores addendas, no caso de existir estas, suxeitándose as partes ás súas cláusulas.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

7.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A DECLARACIÓN DE EFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 22 de abril do corrente, declarouse a eficacia da comunicación previa presentada por Don José Lamazares García para a execución de obras de construción de peche de parcela en dúas parcelas contiguas, no lugar da Gaiola, parroquia de Rodeiro.

2º.- Con data 20 de maio do corrente (RE núm. 769) recíbese dende o Concello de Lalín un escrito, presentado erroneamente en dita administración, asinado por Don Miguel García Fernández, con DNI núm. [REDACTED], no que interpón recurso de reposición contra o acordo sinalado no antecedente anterior.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O recorrente solicita a anulación do acordo impugnado dado que en ningún apartado do mesmo *“se constata la concurrencia de la*

autorización de Augas de Galicia, la pretendida construcción se encuentra a menos de 100 metros de zona de protección de aguas, ni tampoco la autorización de la administración titular de la carretera PO-533, colindante con el lugar donde se planifica el cierre”.

Segundo.- Os argumentos do recurso non poden ser acollidos porque, se ben o artigo 146.1 c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia esixe que a comunicación previa veña acompañada, entre outras, da documentación relativa á *“copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais que foran legalmente esixibles ao solicitante”*, no dito procedemento unicamente resultaba legalmente esixible a autorización de Patrimonio, por mor de atoparse as obras ao pé da traza do Camiño de Inverno a Santiago, documento que figura no expediente e consígnase no acordo impugnado.

Terceiro.- As obras comunicadas non precisan de autorización previa do organismo de conca por canto a este Concello lle resulta de aplicación a excepción establecida no artigo 78 ter., apartado 1, do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, no referente ás previsións formuladas por Augas de Galicia no informe emitido ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) en vigor, que limitou a esixencia de autorización previa unicamente a actuacións previstas nunha banda de protección de 20 metros na zona de policía de leitos públicos, situándose as obras comunicadas a unha distancia superior á suxeita a autorización.

Cuarto.- Non resulta asemade legalmente esixible a autorización da administración titular da estrada por canto as obras atópanse *“nun treito urbano fóra da zona de dominio público”*. Así o acredita o informe emitido polo Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Pontevedra, en data 30/09/24 (expediente núm. [REDACTED]).

Quinto.- Ao estar acreditada no expediente a emisión da única autorización legalmente esixible e, pola contra, non resultar esixibles as demais autorizacións consignadas no recurso interposto, o acordo impugnado non incorre na causa de nulidade sinalada no artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Desestimar integramente o recurso de reposición interposto por Don Miguel García Fernández contra o acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 22 de abril co corrente, polo que se declarou a eficacia da comunicación previa presentada por Don José Lamazares García para a execución de obras de construción de peche de parcela en dúas parcelas contiguas, no lugar da Gaiola, parroquia de Rodeiro.

8.- CONTRATACIÓN DUN TRABALLADOR AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 (LIÑA 3)

Na programación prevista para a contratación de traballadores, subvencionados pola Deputación Provincial ao abeiro da Liña 3 do Plan +Provincia 2025, estaba prevista a contratación dun peón para prestar servizos a partires do vindeiro día 2 de xuño do corrente.

Dado que rexen as mesmas Bases aprobadas por este órgano con data 4 de marzo do corrente, e que foi realizado en datas recentes un proceso selectivo para a provisión de postos de traballo da mesma natureza, proponse a contratación para dito posto de traballo do candidato que quedou como primeiro reserva na lista aprobada por acordo deste órgano de data 19/05/25.

Visto o actuado, de conformidade coa orde de prelación da lista de reserva aprobada e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (25 horas/semana), por un período de catro (4) meses, do traballador que deseguido se sinala:

Peón de obras públicas

NOME E APELIDOS	DNI
DANIEL DA SILVA ESTEVINHO	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

9.- APROBACIÓN DE BASES E BAREMO PARA A PROVISIÓN DE TRES (3) POSTOS DE TRABALLO AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2025

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da resolución de data 22 de maio de 2025 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en Pontevedra (RE núm. 796, do 23/05/25) pola que se concede a este Concello unha subvención por importe de 49.760,19 € para a contratación de tres (3) postos de traballos (un de oficial forestal e dous de peón forestal), a tempo completo e durante un período de nove meses, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, do 13/03/25).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as bases e baremo da selección para a provisión de tres (3) postos de traballo subvencionados ao abeiro do Aprol Rural 2025, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

ANEXO

BASES E BAREMO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE 3 POSTOS DE TRABALLO FINANCIADOS AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

Primeira.- Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables para a contratación, con carácter temporal, de 3 persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, ao abeiro da subvención concedida ao Concello por resolución do *director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración* de data 22.05.2025, ao abeiro da convocatoria das subvencións para o fomento do emprego no medio rural 2025 - *Aprol Rural* (DOG núm. 50, do 13.03.2025).

O proceso de selección será polo sistema de concurso de valoración de méritos e proba práctica, con preselección previa de candidatos a través de oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia nos termos que a citada convocatoria de axudas establece.

Segunda.- Modalidade de contratación e réxime xurídico

O contrato formalizarase baixo a modalidade de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (DA 9ª do RDL 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei de Emprego), a tempo completo e por un período de nove meses.

Denominación e número de postos ofertados:

- *Oficial forestal (tractorista): limpeza de espazos públicos e marxe de vías con medios mecánicos (tractor desbrozadora) en faixas secundarias.*
- *Dous (2) Peóns forestais: limpeza de espazos públicos e marxe de vías en faixas secundarias*

As retribucións brutas serán de 1.381,33 euros/mensuais, con prorrato de extras incluído, segundo o recollido no *I Convenio estatal para o sector de actividades forestais*, publicado no BOE núm. 165, do 11.07.2019. (*retribucións absorbidas por aplicación do SMI 2025*)

A relación contractual rexerase pola lexislación laboral, sendo de aplicación principalmente o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da *Lei do Estatuto dos Traballadores* e a Lei 7/2007 de 12 de abril, do *Estatuto básico do emprego público*, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa Estatal e autonómica.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

I) Requisitos xerais: serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

- a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- e. Non atoparse en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

II) Requisitos específicos:

- a. De acordo co establecido nas bases reguladoras da subvención do programa APROL RURAL que financia este servizo, publicadas no DOG do 13 de marzo de 2025, ditas axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados nas categorías/ocupacións referidas na base anterior e que estean dispoñibles para o emprego.

b. Formación académica:

Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

- *Oficial forestal (tractorista): carné de conducir tipo B*
- *Peóns Forestais: ningún*

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido na oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os requisitos deberán acreditarse debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases e os aspirantes deberán cumprilos na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización dos contratos.

Cuarta.- Preselección de persoas candidatas e proceso de admisión

a) *Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:*

O Concello presentará a oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, no modelo normalizado para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado II) das presentes bases.

b) *Admisión de candidatos:*

A selección consistirá nun concurso-oposición, que se desenvolverá da seguinte maneira.

1. No momento de acudir á cita marcada pola oficina de emprego para a presentación no Concello, os candidatos preseleccionados serán informados do procedemento selectivo para o cal se lles entregará unha copia das presentes bases.

2. Os aspirantes disporán de 5 días naturais, a contar dende o día seguinte ao que fosen citados á entrevista pola oficina de emprego, para presentar a seguinte documentación (no caso de se presentar na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015 do *Procedemento administrativo común das AAPP* o concursante deberá xustificar a data da imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao Concello no correo aedl@rodeiro.gal):

- Instancia oficial que acompaña a estas bases.
- DNI ou NIE.
- Un sobre pechado no que fará constar o nome, apelidos e DNI do aspirante, así como a inscrición "Méritos alegados". En dito sobre incluírase a documentación xustificativa dos méritos alegados segundo as indicacións da base 6, que en todo caso será a través de documentos orixinais ou copias compulsadas. Os méritos non xustificados documentalmente non serán valorados.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, no prazo dun (1) día hábil, ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste Concello, <https://rodeiro.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, sinalarase un prazo de dous (2) días hábiles para emenda. Dita lista será definitiva de non presentarse reclamacións. Transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica deste Concello. Na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e a data de realización da proba práctica.

Quinta.- Tribunal

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ningún.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto do posto de traballo que se convoca. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

Rematado o prazo de presentación da documentación para o inicio do procedemento selectivo, citarase ás persoas candidatas do xeito establecido na base 4ª para a realización da proba práctica. En dita convocatoria determinarase o lugar, a hora e o día no que deberán comparecer os aspirantes, así como a orde de actuación que será alfabética segundo a primeira letra do apelido. Realizarase un único chamamento. A non comparecencia determinará a exclusión do proceso selectivo, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

6.1 Proba Práctica (máximo 12 puntos)

A proba consistirá na realización dun exercicio práctico, proposto polo Tribunal inmediatamente antes da súa realización. A proba estará directamente relacionada coas funcións do posto a seleccionar. Valorarase a destreza práctica, a actitude e a aptitude na súa realización, así como a adopción de medidas para o cumprimento da prevención de riscos laborais. Para a súa realización os aspirantes deberán acudir con indumentaria de traballo, facilitándose nese momento os demais elementos que sexan necesarios para levala a cabo. O tempo máximo será determinado polo Tribunal atendendo ao seu contido, pero en ningún caso deberá exceder de 20 minutos.

A proba non será eliminatoria e puntuarase sobre un máximo de 12 puntos.

Finalizada a fase de oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos dos aspirantes.

6.2 Méritos

Son méritos a valorar para a selección os de preferencia que determina a convocatoria de axudas que financian estas contratacións no seu artigo 14.

A. Circunstancias sociais e persoais:

- Situación de desemprego:

1. Igual ou superior a 12 meses	0,60 puntos
2. Igual ou superior a 24 meses	1,00 puntos
3. Non percibir prestación/subsidio por desemprego	0,60 puntos
4. Persoas beneficiarias da RISGA	0,60 puntos
5. Demandantes do seu primeiro emprego	0,60 puntos

Acreditase: para o tempo en desemprego mediante informe dos períodos de inscrición expedido polo SPEG. Para a non percepción de prestacións/subsidios co certificado do SEPE. Para a valoración de demandantes da 1ª ocupación, informe actualizado de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Para persoas beneficiarias da RISGA, copia da resolución de recoñecemento.
- Menores de 30 anos ou maiores de 45 anos: 0,60 puntos
Acreditase co DNI.
- Por ser muller: 0,25 puntos
Acreditase co DNI.

- Persoas candidatas con cargas familiares:
 - 1. Existencia de fillos ou menores en acollemento (cada un) 0,25 puntos
(ou maiores con discapacidade)
 - 2. Familia monoparental/monomarental 0,60 puntos
Acreditarase coa copia compulsada do Libro de Familia e certificado municipal de convivencia. No caso de familias monoparentais coa documentación que acredite a circunstancia que a orixina (sentenza aprobatoria do convenio regulador da garda e custodia dos menores, certificado de falecemento, ou outra que acredite dita circunstancia). A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, maiores incapacitadas ou menores en acollemento.
 - Por discapacidade recoñecida legalmente: 0,25 puntos
Acredítase coa copia auténtica da resolución administrativa de recoñecemento.
 - Vítima de violencia de xénero, de trata de seres humanos 0,60 puntos
ou de explotación sexual.
Acredítase coa certificación acreditativa da condición de vítima expedida polo Punto de coordinación das Ordes de Protección ou do organismo público competente.
 - Persoas emigrantes retornadas ou estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España: 0,60 puntos
Acredítase co certificado de emigrante retornado ou NIE para de estranxeiros.
- B. Adecuación ao posto de traballo:
- Por estar en posesión do carné de conducir (solo para os postos de peón forestal)
 - I. Clase B 0,10 puntos
 - II. Clase C1 0,15 puntos
 - III. Clase C 0,20 puntos*Acredítase coa copia do carné en vigor. En caso de posuír varios carnés, soamente se aplicará a puntuación do superior.*
 - Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría). 0,60 puntos
Acredítase co contrato de traballo e co certificado de profesionalidade obtido ao remate do programa (se non se dispón del informe da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que acredite a participación no programa durante toda a súa vixencia). No caso das accións formativas co título ou diploma emitido ao efecto.

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

Sétima.- Resolución de empates

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite maior puntuación na proba práctica. De persistir o empate seguirase polas persoas candidatas que acrediten ter participado en obradoiros, programas integrados ou mixtos de formación e emprego. Continuarase coa orde das persoas candidatas que acrediten unha maior puntuación nos criterios de valoración das circunstancias sociais e persoais, segundo a orde na que figuran ordenados os criterios establecidos na base 6ª.2).

Oitava.- Proposta de contratación

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma

á Xunta de Goberno Local, e sen superar, en ningún caso, o número de prazas convocadas. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal configurará, igualmente, unha lista de agarda cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos das bases reguladoras referido *programa APROL*, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato (artigo 17 da Orde).

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo do xeito establecido nestas Bases.

Novena.- Resolución e contratación.

Á vista da proposta do Tribunal, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Décima.- Réxime Xurídico.

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución de axuda e Bases do *Plan de activación do emprego 2023 (Liña 3)* -BOP de Pontevedra do 31 de outubro de 2022-, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, e Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Undécima.- Incidencias.

A Tribunal de Selección queda autorizado para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décimo segunda.- Impugnación.

Os/as interesados/as poderán impugnalas presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

10.- CONCESIÓN DA PRIMEIRA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 5 de febreiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas

maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 23, correspondente ao día 04/02/25. Con data 28 de abril do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 620, do 28/04/25).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Tamara García Fuentes, con data 22/05/25, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a primeira quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que desexuido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

Investimentos

BENEFICIARIA	PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	29,99 €	Adquisición de electrodomésticos básicos (quentador)

Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	DNI/NIE PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	240,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	300,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	400,00 €	Pagamento de gasoil
██████████	██████████	As Fontelas – Camba	293,00 €	Pagamento de lentes
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	300,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	500,00 €	Pagamento de ortodoncia.
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	300,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	300,00 €	Pagamento de alimentos
██████████	██████████	Aboldrón – Camba	79,00 €	Pagamento de lentes

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2025. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2026. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, aprópanse as seguintes facturas e pagos:

- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 982,70 €
Por licenza anual de antivirus para equipos municipais e almacenamento na nube, s/factura núm. 24404.
- AGROCAMBA V. FARO S.L 40,21 €
Por subministro de máscaras e produtos sanitarios, s/factura núm. 25FV 559.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 28,00 € E 30,13 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7G80000841 e TA7G80000848 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 61,73 €
Por autoliquidación do canon da auga correspondente ao primeiro cuadrimestre de 2025, s/cargo.
- JORGE OJEA MATO 119,34 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.

- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 119,34 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ ANTONIO ARIAS DEZA 110,16 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- FRANCISCO LORENZO EIRIZ 110,16 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- NOELIA RODRÍGUEZ ÁLVAREZ 2.860,00 €
Por deseño e implementación do proxecto “Ela é Rodeiro”, s/factura núm. 2025016 (subvención Pacto de Estado contra a violencia de xénero).
- TALLERES JEYMA RODEIRO S.L. 60,50 €
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. A/1.
- TALLERES JEYMA RODEIRO S.L. 260,00 €
Por reposición de pneumáticos en remolque municipal, s/factura núm. A/54.
- MANUELA ÁGUILA LAMAS 1.149,50 €
Por construción de varanda para a fonte do lugar da Granxa, s/factura núm. 24.
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 5.117,50 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público municipal, s/factura núm. G-2025036.
- SUMINISTROS SAA-DOZÓN S.L. 527,10 €
Por adquisición de canles de saneamento para obras municipais, s/factura núm. 190 (FACe).

- MONTEFARO ELECTRICIDADE S.L.U. 169,40 €
Por aluguer de grupo electrógeno para o Entroido 2025, s/factura núm. A-25108.
- GRANITOS DEZA S.L. 743,57 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 91/2025.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 11.902,69 €
Honorarios por dirección facultativa de obra incluída no Plan Concellos 2023, s/factura núm. 005/2025.
- MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO 2.975,66 €
Honorarios por coordinación de seguridade e saúde de obra incluída no Plan Concellos 2023, s/factura núm. 4.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)